



MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E O COLEXIO PROFESIONAL DE ENXEÑARÍA EN INFORMÁTICA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN, FORMACIÓN E CONCIENCIACIÓN EN MATERIA DE CIBERSEGURIDADE

## Antecedentes

A Xunta de Galicia, ante o escenario dixital que nos rodea, motor dunha sociedade mellor, apostando por un modelo de crecemento vinculado á economía dixital –solidaria e inclusiva– e á transparencia e participación de todos os axentes implicados no desenvolvemento económico de Galicia, está a impulsar medidas dinamizadoras da economía galega. Neste contexto, o sector das TIC galego debe converterse nunha das áreas produtivas claves no desenvolvemento económico e social de Galicia, pola súa condición de acelerador do cambio tecnolóxico e polo seu carácter transversal ao resto de sectores.

O Consello da Xunta aprobou, o 3 de decembro de 2020, a Estratexia Galicia Dixital 2030, co obxectivo de configurar un futuro dixital para tod@s, contribuíndo ao aumento da calidade de vida e ao desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: económica, social e medio ambiental.

Así, a Estratexia Galicia Dixital 2030 constitúe unha folla de ruta para apoiar a toma de decisións no ámbito dixital na próxima década que, sobre as bases construídas, contribúa a extrapolar ideas das tendencias globais actuais, explorar algunhas das incertezas clave que darán forma ao futuro de Galicia, e anticipar mellor algunhas das eleccións e decisións que poderemos afrontar nos próximos anos.

A Amtega ten entre os seus obxectivos prioritarios lograr un desenvolvemento efectivo da Sociedade da Información na Comunidade Autónoma de Galicia, promovendo aquelas accións que faciliten e impulsen a incorporación de toda a sociedade aos novos recursos tecnolóxicos da información e das comunicacións e a implicación dos cidadáns galegos na utilización das novas tecnoloxías como factor xerador de novas capacidades, de emprego e de desenvolvemento económico.

Doutra banda, o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia, (en diante CPEIG) segundo o disposto na Lei 10/2006 do Parlamento de Galicia do 1 de decembro do 2006, pola que se crea o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia e nos seus Estatutos, ten entre os seus fins e funcións a regulación do exercicio, promoción e mellora das actividades profesionais que engloban as enxeñarías en informática e o fomento e promoción





de actuacións relacionadas con este sector profesional entre as que se atopan a implantación da sociedade da información e das tecnoloxías da información en todos os ámbitos da actividade económica e social da Comunidade Autónoma de Galicia.

A velocidade de desenvolvemento da Sociedade do Coñecemento e as súas tecnoloxías esixe unha labor de concienciación e formación en materia de ciberseguridade coa finalidade de que os distintos colectivos estean preparados para facer fronte ás ameazas crecentes fronte ás actividades delitivas na rede.

Para levar a cabo a devandita finalidade preténdese co deseño e execución dunha serie de actuacións de promoción, formación e concienciación en materia de ciberseguridade, entre as que estarían:

- Actividades destinadas ao colectivo empresarial, con charlas, paneis de debate e obradoiros de ciberseguridade.
- Actividades dirixidas á cidadanía de interese para os menores, familia e perfís con interese de especialización no ámbito da ciberseguridade.
- Actividades dirixidas ás administracións públicas galegas autonómica, provincial e local

Entre as actuacións de promoción, formación e concienciación en materia de ciberseguridade promovidas no contexto do nodo galego de ciberseguridade está a continuidade do Encontro Galego de Ciberseguridade CIBER.gal, organizando a súa terceira edición conxuntamente co CPEIG, sendo esta unha entidade adherida oficialmente ao nodo con ampla experiencia na organización de actividades similares, aportando o seu coñecemento na colaboración para a organización desta iniciativa.

Considerando que existe unha identidade entre os obxectivos do CPEIG e os que constitúen o obxecto do presente convenio, considérase adecuado articular a colaboración antedita mediante o presente acordo.

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Amtega o CPEIG para a realización de actuacións de promoción, formación e concienciación en materia de ciberseguridade, en concreto, para a realización da segunda edición do Encontro Galego de Ciberseguridade CIBER.gal como evento integrador que aglutinará novamente a entidades referentes neste campo como o Instituto Nacional de Ciberseguridade (INCIBE) e o Centro Criptolóxico Nacional (CCN), ás principais empresas do ecosistema de ciberseguridade





da Comunidade, e a axentes crave dos sectores tecnolóxico, da investigación e o coñecemento.

A través do mesmo levaranse a cabo actividades destinadas ao colectivo empresarial, con charlas, paneis de debate e obradoiros de ciberseguridade. Así mesmo, realizaranse actividades dirixidas á cidadanía de interese para os menores, familia e perfís con interese de especialización no ámbito da ciberseguridade.

Tamén se realizarán actividades destinadas ás administracións públicas galegas autonómica, provincial e local, informando sobre os riscos actuais de ciberseguridade e do modo de facerlles fronte.

Nesta terceira edición que se celebrará no ano 2023, o III Encontro CIBER.gal estenderá as súas actividades á provincia de Ourense, onde se construírá o Centro de Excelencia en Ciberseguridade (o CECIGA) promovido pola Xunta de Galicia para converterse na icona da innovación e da investigación en ciberseguridade da comunidade galega. Este espallamento de actividades fórmúlase como complementariedade ás programadas para o mes de novembro en Santiago de Compostela, consolidando así a data e lugar das anteriores edicións da xuntanza.

### **Financiamento:**

O orzamento previsto para a realización do obxecto do presente convenio ascende a oitenta mil euros (80.000 €).

A Amtega colaborará na realización do obxecto do convenio cunha achega máxima de sesenta mil euros (60.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 07.A1.571A.640.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023

A referida achega é unha porcentaxe do importe total do proxecto e financiará exclusivamente unha parte dos custos do convenio, sen que o CPEIG obteña beneficio ou lucro ningún.

O CPEIG asumirá a diferenza entre a achega económica da Amtega e o orzamento total do convenio. O importe estimado desta asignación é de vinte mil euros (20.000 €), sen prexuízo do seu incremento en atención ás actividades relacionadas co desenvolvemento e execución das actuacións.que constitúen o obxecto do convenio.

O pagamento da achega prevista realizarase previa solicitude do CPEIG e xustificación do desenvolvemento das actuacións levadas a cabo na súa execución.





PROXECTO AO QUE SE IMPUTA O EXPEDIENTE: Proxecto 2016-00003

VALORACIÓN DO PEG

EIXO: E3

PRIORIDADE DE ACTUACIÓN : PA02

OBXECTIVO ESTRATÉGICO: E04 Impulsar o crecemento do ecosistema dixital, a través da innovación e a especialización tecnolóxica, favorecendo a adopción de tecnoloxías avanzadas ...

OBXECTIVO OPERATIVO: 0007 Posta en marcha do Centro de Ciberseguridade en Galicia

INDICADORES: D0E024 Usuarios que teñen acceso ou están cubertos polas aplicacións: Valor previsto: 30.000

Santiago de Compostela,

O xerente da Amtega

Asdo: Jose Luis Somoza Digón

